

## **POR UN ENSINO PÚBLICO E LAICO: A EDUCACIÓN NAS ESCOLAS A RELIXIÓN NAS IGREXAS**

EU defendeu sempre que o ensino público debe ser unha prioridade política porque contribúe, de maneira especial, a unha maior cohesión social e á formación de persoas máis libres e iguais. Para EU o servizo público educativo é, en efecto, o único capaz de garantir un ensino de calidade condicións de porque a educación todos e todas, sexan características culturais. Os de carácter público espazo de respecto pola espazo onde se desigualdades todos e todas por nin discriminación algunha.



para todos e todas en igualdade. E iso pública acolle a cales sexan as súas persoais, sociais ou centros educativos constitúen, pois, un convivencia e de diversidade; un compensan as sociais e se atende a igual, sen exclusións

Por iso, EU aposta pola educación pública con todas as súas características: científica, laica, co-educativa, participativa, democrática, ligada ao seu contorno, pluralista e inclusiva, orientada á formación integral, á autonomía persoal e ao desenvolvemento do espírito crítico. Por iso e para iso requírese unha financiación suficiente que proporcione boa formación e mellores condicións laborais aos seus profesionais, así como centros educativos ben equipados e abertos ao seu contorno, á participación da comunidade educativa e veciñal.

EU está convencida de que iso só se pode conseguir con políticas de esquerdas e cunha sociedade organizada e mobilizada en defensa dunha das súas maiores conquistas: un servizo público educativo de calidade. A dereita política non deixa de mobilizar á súa base social, sobre todo á que fixo da educación un negocio e está ligada a organizacións relixiosas profundamente reaccionarias, que non dubidan en fomentar unha educación que selecciona e adoutrina ao seu alumnado co diñeiro de todos e todas.

### **Non podemos permitilo!**

Fronte á presión da dereita e do Vaticano, hai que dicir alto e claro que non podemos nin debemos permitir:

- Que se utilice a educación financiada con diñeiro público en beneficio do adoutramento relixioso e que continúe o privilexio da Igrexa católica á hora de impoñer a ensinanza da súa relixión a cargo de catequistas designados polos bispos, pero pagados por todos e todas.
- Que se obrigue ao alumnado que non desexa recibir ensinanzas de relixión algunha a adaptarse ao horario e ás esixencias dos que queren seguir impoñendo esas ensinanzas amparándose en Acordos preconstitucionais.
- Que a patronal católica siga recibindo fondos públicos a través de concertos educativos, a pesar das súas prácticas sexistas, discriminatorias, dogmáticas e contrarias á liberdade sindical e aos dereitos dos seus traballadorese traballadoras.

### **Por que as relixións fóra das escolas?**

### Por que un ensino público e laico?

Porque é o garante do dereito á educación de todos e todas en condicións de igualdade. A escola pública non exclúe a ninguén sexan cales sexan as súas características persoais, a súa orixe social, a súa cultura ou as súas crenzas.

Porque os centros públicos son espazos de convivencia e de cohesión social para adquirir coñecementos e valores democráticos nos que non teñen cabida os adoutramentos, a segregación ou a exclusión de ninguén. Nas escolas fórmanse cidadáns, non fieis.

Porque as crenzas relixiosas e as “non crenzas” son opcións persoais que hai que respectar por igual e que se poden expresar nos lugares públicos correspondentes (templos, centros cívicos, etc).

Porque o laicismo favorece a coeducación, a igualdade entre mulleres e homes, mentres que moitas relixións discriminan e esmagan ás mulleres.

Porque o laicismo promove unha educación que respecta ao máximo a liberdade de conciencia e o espírito crítico de todo o alumnado.

Porque é unha contradición que un Estado aconfesional manteña o adoutramento relixioso no sistema educativo. A escola é un lugar para saber, non para crer.

### EU esixe que a futura Lei de Educación (LOE) se comprometa coa escola pública e laica.

Reclamamos ao Goberno que denuncie sen máis dilación os Acordos coa Santa Sede, así como os subscritos con outras confesións relixiosas, para que ningunha igrexa utilice o sistema educativo para adoutrinar e impor a súa ideoloxía.

Esiximos que se retire inmediatamente o concerto educativo aos centros privados que segregan ao alumnado en función do sexo e/ou o seleccionan obrigando explícita ou implicitamente ás familias a facer

contribucións económicas a través de fundacións ou outros inventos similares.

Pedimos tamén que a nova LOE inclúa garantías suficientes para que os centros privados concertados cumpran estrictamente todos os requisitos legais e se sometan ás mesmas condicións de escolarización, funcionamento e control social que os centros públicos.

EU comprométese a traballar desde as institucións e a impulsar, xunto a outras moitas organizacións e colectivos sociais, campañas, plataformas e actuacións

### POR UN ENSINO PÚBLICO E LAICO

